



RESERVA DE PRAZA EN CENTRO DE ADSCRIPCIÓN- IES “AS LAGOAS”

Ourense, a 28 de xaneiro de 2019

Estimadas familias:

Achegamos o formulario de **reserva de praza** no centro adscrito “IES AS LAGOAS”

Segundo o disposto no artigo 10 da Orde do 12 de marzo de 2013 o alumnado que pretenda continuar estudos no centro adscrito IES As Lagoas durante o ano académico 2019/20, para os efectos de reserva de praza, deberá presentar no centro ou a través da aplicación *admisionalumnado* o modelo normalizado que se publica como anexo I

Prazos de solicitude:

Do 1 ao 15 de febreiro de 2019, ambos incluídos.

Documentación

Documentación que debe entregarse no centro **CPR “ La Purísima” antes do día 8 de febreiro de 2019**

- Anexo I
- Formulario de previsión de matrícula BCH-1º
- Só no caso de non autorizar a consulta de datos, achegarase fotocopia do DNI (de non posuír DNI deberase aportar copia da páxina do libro de familia onde figura o/a alumno/a).

No suposto de que exista máis demanda que oferta de postos escolares comunicárselles aos interesados e publicarase no taboleiro de anuncios do centro e nesta páxina web, debendo presentar a solicitude de Admisión e a documentación xustificativa para a aplicación do baremo (Artigo 12).

No caso de que non teñan ningunha comunicación ao longo do mes de febreiro entenderase que ten reservada a praza para o vindeiro curso.

A reserva adquirirá carácter vinculante e será incompatible coa presentación de solicitude noutro centro, salvo renuncia expresa e por escrito presentada no centro antes do inicio do prazo de presentación de solicitudes de admisión.

A dirección do colexio